

VII Congreso

Confederación
Intersindical
Galega



Informe Executiva Confederada

27-28 maio 2017



Sindicalismo Nacionalista e de clase

Informe Executiva Confederal

VII Congreso CIG

Contido

Informe da executiva confederal para o 7º congreso	5
Introducción.....	5
O contexto político xeral	6
A situación socioeconómica, laboral, política e sindical na Galiza e no Estado español.....	7
A nosa acción sindical nestes catro últimos anos	10
A negociación colectiva.....	11
Saúde laboral	12
Emprego	13
Dereitos laborais e sociais	13
Servizos públicos	15
Administración Pública	15
Sanidade Pública.....	15
Ensino Público.	16
A igualdade de xénero	17
Comunicación.....	18
A formación para o emprego	20
A defensa do idioma.....	21
Defensa das liberdades públicas.....	22
Os tratados de libre comercio	22
Relacións internacionais	23
O traballo organizativo	25
Conclusións.....	27

INTRODUCCIÓN

Rematabamos o informe da Executiva Confederal ao noso 6º Congreso, celebrado os días 25 e 26 de maio do 2013, cunha conclusión na que dicíamos: “que as medidas que en materia laboral, social e económica, estaban a adoptar os gobernos, primeiro do PSOE e despois do PP, viñan para quedar e que as súas negativas consecuencias para a clase traballadora ían notarse durante tempo; polo tanto, a nosa obriga como sindicato era ter a iniciativa na resposta, ofrecer alternativas e encabezar a conflitividade e a mobilización social necesaria, e que todo iso ía esixir de nós un enorme esforzo organizativo, reforzando a nosa presenza nos centros de traballo, incrementando a afiliación e o número de delegados e delegadas sindicais, fortalecendo ideoloxicamente os nosos cadros e mellorando significativamente o funcionamento dos organismos e os nosos métodos de traballo”.

Pois ben, esta acertada conclusión á que chegabamos no noso último congreso, foi a que marcou a nosa acción sindical durante estes catro anos, con moitas luces, pero tamén con algunhas sombras, no que supuxo a nosa praxe no sindical e no organizativo.

Durante este período a CIG foi a central sindical que protagonizou a conflitividade laboral, as mobilizacións e, en moitos casos, as alternativas a esta situación de crise económica e de oposición as políticas antiobreiras do PP, aínda que non todas elas tivesen o éxito e a ampla participación que a nós nos tivese gustado e que a situación requiría. Fixemos tamén un bo traballo, aínda que con resultados desiguais, no que respecta á mellora dos índices de afiliación, o que nos permitiu situármonos como primeira forza sindical de Galiza en número de afiliados e afiliadas, e tamén no que respecta ás eleccións sindicais, pois estamos como segunda forza en representatividade nas empresas e a apenas unhas centésimas de convertérmonos na primeira forza, o cal sería algo histórico, e que temos o firme convencemento de que o imos conseguir antes de que finalice este ano.

No que xa non fomos igual de eficaces foi no relativo á formación de cadros, á mellora dos métodos de traballo e ao funcionamento dos organismos. Estamos a falar de tres aspectos moi relevantes, para o noso modelo sindical, que nos obriga a seguir insistindo e perseguindo a súa mellora nos próximos anos, para así ter a garantía de sermos máis eficaces na nosa resposta sindical, nun contexto político, sindical e socioeconómico que non ten mellorado para a clase traballadora e non vai a facer se non o pelexamos e conseguimos mudar a correlación de forzas ao noso favor.

Antes de entrarmos a avaliar o que foi a nosa práctica sindical nestes catro últimos anos e o contexto socioeconómico, político e sindical no que tivemos que desenvolvela, fagamos un breve repaso sobre cal é o contexto, nestes mesmos aspectos, a nivel mundial e na UE, pois sen dúbida inciden e condicionan de forma determinante a nosa propia realidade, tanto como clase como nacional.

O contexto político xeral

A situación a nivel mundial segue marcada, no económico, polos intentos por parte do capital de superar a crise estrutural sistémica na que está inmerso, pola vía de afondar no modelo de capitalismo neoliberal, concentrar e centralizar aínda máis a riqueza incrementando as desigualdades sociais e buscar unha maior marxe dos seus beneficios sobreexplotando e debilitando a clase obreira. No político, caracterízase polos intentos de EEUU de non perder o seu papel como potencia hexemónica, no económico e no militar, nun mundo cada vez máis multipolar no que fronte ao bloque imperialista tradicional da UE, Xapón e EEUU, capitaneado por estes últimos, se está a conformar un novo bloque integrado por Rusia e China, que buscan incorporar a outras potencias emerxentes como é o caso de Irán, Brasil, A India e Sudáfrica, rachando así co mundo unipolar construído ao redor de EEUU, a raíz da desaparición da Unión Soviética. Todo este proceso está a suceder, non sen certas contradicións dentro dos poderes económicos do bloque imperialista occidental e mesmo dentro de sectores económicos de EEUU.

A estas razóns, e non outras, do imperialismo occidental, capitaneado por EEUU, de non perder a súa hexemonía neste mundo multipolar e seguir a controlar os principais mercados e as principais fontes enerxéticas do planeta, para beneficio das súas multinacionais, obedecen as intervencións bélicas e o fomento do derrocamento dos gobernos e a destrución de numerosos países do norte de África e do Oriente Medio, o que está a supor a morte de centos de miles de persoas e o desprazamento de millóns. Toda unha barbarie cometida con total impunidade polo imperialismo occidental, coa colaboración de potencias amigas da zona (Israel, Arabia Saudita ou Turquía) e baixo a hipócrita e cínica xustificación da defensa dos dereitos humanos e da vida de inocentes. Dereitos que, por certo, non respecta despois a UE cando esas persoas refuxiadas queren acceder a Europa fuxindo da guerra existente nos seus países.

Na posta en práctica da globalización de todo este modelo político e económico profundamente antidemocrático, agresor e vulnerador dos dereitos humanos e o dereito á soberanía dos pobos, xogan cada vez máis un papel determinante os grandes medios e axencias de comunicación, hoxe na súa maioría controlados pola oligarquía financeira, á hora de manipular a opinión pública, terxiversando os feitos, nuns casos, e agochando as verdadeiras razóns destes, noutros.

Polo que respecta **á situación na UE**, estamos asistindo a toda unha práctica política que pon de manifesto, por unha banda, o carácter antisocial e neoliberal desta UE que se está a construír conforme ás orientacións económicas fixadas, entre outros, no Tratado de Lisboa do 2007, en vigor desde o 2009, e por outra banda, as propias contradicións e dificultades da materialización deste proxecto común dos grandes poderes económicos europeos.

Podemos observar nestes últimos anos como, fronte á crise económica, se promoveron políticas que afondaban no modelo de capitalismo neoliberal, como diante da crise económica, sufrida especialmente polos estados da periferia da UE (Islandia, Irlanda, Portugal, Estado Español, Italia ou Grecia), a resposta das institucións políticas europeas (BCE, CE, FMI) foi a de lles esixir a eses estados a aplicación dunhas políticas económicas e laborais moi duras, que supuxeron a perda de miles de postos de traballo e o empobrecemento de amplos sectores da sociedade, ao tempo que se protexían os intereses do sector financeiro, pola vía das axudas, do crédito barato e da especulación coa débeda pública.

Este carácter inhumano e antisocial da UE que se está a construír, púxose tamén de manifesto coa crise das persoas refuxiadas, na que miles de persoas son privadas dos seus dereitos, deixadas en mans de mafias ou forzadas a arriscaren as vidas cruzando o mar Mediterráneo ou intentando superar barreiras anti seres humanos, postas deliberadamente por gobernos que presumen de democráticos, entre eles o goberno do Estado español.

É a construción desta UE neoliberal, antisocial, ao servizo do capital financeiro e das grandes potencias económicas, modelo no que coinciden tanto a dereita como a socialdemocracia liberal europeas, o que está a provocar o rexeitamento a esta por parte de moitos sectores das clases traballadoras e a aparición de fenómenos como o Brexit e mesmo o éxito electoral que están a ter, nalgúns países, forzas políticas da extrema dereita, apoiadas por sectores tradicionalmente votantes da esquerda.

A situación socioeconómica, laboral, política e sindical na Galiza e no Estado español

As sucesivas contrarreformas laborais levadas adiante polos gobernos españois, con posterioridade á aprobación do Estatuto dos Traballadores de 1980, supuxeron un importante retroceso nos dereitos individuais e colectivos da clase traballadora ao desregular e flexibilizar as condicións en materias como a contratación, o despedimento, a xornada, o salario ou mesmo a negociación e o cumprimento do pactado nos convenios colectivos. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

As últimas reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011, 2012 e 2013, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Facilitouse e abaratouse o despedimento, tanto colectivo como individual; xeneralizouse o contrato a tempo parcial; debilitouse a negociación colectiva a través da súa atomización, estatalización e limitación da súa ultraactividade a un ano; facilitouse ás empresas a modificación substancial das condicións de traballo, a distribución irregular da xornada e o incumprimento dos convenios colectivos; legalizáronse as axencias privadas de colocación e flexibilizouse en xeral a contratación en beneficio da patronal.

O sistema de protección social tampouco quedou sen tocar nesta ofensiva do capital contra a clase traballadora, baixo a xustificación de se tratar de políticas necesarias derivadas da forte crise económica na que estamos inmersos desde inicios do 2008. Así vemos como o sistema de protección por desemprego sufriu recortes na contía das prestacións ao tempo que dificultou o acceso aos subsidios. Polo que respecta ao sistema público de pensións, atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos; ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora; introduciuse o chamado factor de sustentabilidade, a aplicar a partir do 1 de xaneiro de 2019, para determinar a contía da pensión; atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada; dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego condicionando á renda familiar o ter dereito a este e atrasouse a idade de acceso ao devandito subsidio dos 52 aos 55; en definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Nunha situación económica, política e organizativa que non é favorábel á clase traballadora, o capital está a aproveitar o vento a favor para nos arrincar todo un conxunto de dereitos e melloras nas nosas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e para nos debilitar como clase traballadora. Esa e non outra é a verdadeira razón das sucesivas reformas laborais impostas da man da socialdemocracia liberal e da dereita, coa inestimábel complicidade das centrais sindicais estatais, CCOO e UGT. En plena crise económica, na maior destrución de emprego e no maior ataque aos dereitos laborais e sociais que se deu na Galiza e no Estado, desde a caída da ditadura franquista, nun escenario de claro debilitamento da clase traballadora, estas dúas centrais sindicais seguiron e seguen fieis á súa política de pactos social, favorecendo e asinando coa patronal española Acordos Marco Interprofesionais en materia de negociación colectiva, ou mesmo Acordos Político Sociais máis amplos coa patronal e o Goberno Español do PP, acordos que, ademais de contribuíren a unha perda do poder adquisitivo dos salarios, supuxeron a aceptación na práctica de todos os recortes que en materia de dereitos laborais e sociais viña legislando o PP. Unha vez máis, estas dúas centrais sindicais asumen o seu papel como garantes do sistema, renuncian a dar o debate e a batalla, no terreo ideolóxico e político, sobre a necesidade dun cambio real do actual modelo económico e social, desmobilizan a clase traballadora e actúan máis preocupadas polos seus intereses e pola súa supervivencia como organizacións sindicais que polos verdadeiros intereses da clase traballadora que din defender.

Polo que respecta á situación sociolaboral de Galiza, derivada desta fase de crise económica e políticas neoliberais, son ilustrativos os seguintes datos sobre poboación activa, desemprego, contratación temporal, salarios ou pobreza, correspondentes á Enquisa de Poboación Activa (EPA) de 31.12.16, nos que se pon de manifesto a imposición dun modelo de mercado laboral absolutamente precarizado:

- Desde o ano 2012 a perda de poboación activa foi constante, converténdose nun dos principais problemas do mercado laboral galego, na medida en que a súa negativa evolución é indicativa do retroceso que se está a dar no potencial produtivo e na capacidade de xerar emprego da economía galega e dos desequilibrios existentes. Así mesmo, hai outro dato altamente preocupante como é que esa perda de poboación activa afectou especialmente aos menores de 34 anos, que viron como perderon 11,3 puntos respecto ao que representaban na poboación activa no ano 2009, en valores absolutos 153.100 activos/as menos. Moita da perda de poboación activa nestas idades ten que ver coa emigración de miles e miles de mozas e mozos durante estes últimos anos.
- Polo que respecta ao emprego, desde o inicio da crise (ano 2008), perdéronse en Galiza 193.700 postos de traballo, un 16,1% sobre o total existente naquel momento, afectando esta destrución do emprego de forma moi directa ás persoas menores de 35 anos, colectivo no que se perderon 100.000 empregos só desde o ano 2010. Esta destrución de emprego deuse no sector da construción, pero tamén de forma moi importante no sector industrial e no sector primario que en Galiza ten moito peso no seu PIB.
- O nivel de desemprego estaba a finais do 16 no 17,1% da poboación activa (215.400 persoas desempregadas). Delas, o 50% leva máis dun ano no desemprego e só o 49,1% cobra algún tipo de prestación. Se ao colectivo de persoas desempregadas lle sumamos os 177.314 traballadores e traballadoras cuxos ingresos son inferiores ao 50% do SMI, é dicir, que os seus ingresos anuais non chegan a 2.000€, e que polo tanto é irrisorio darlles a estas persoas a condición de traballadores/as en activo, estaríamos a falar en total dun colectivo de 420.714 persoas, que representan un 33,3% da poboación activa e que nunha grande parte corren un risco serio de caer na pobreza e na exclusión social.
- Polo que respecta á contratación temporal, afecta hoxe ao 26,4% do total das persoas asalariadas. Nestes momentos, o 92,6% de todos os contratos que se fan ao ano son de carácter temporal, sendo os máis frecuentes os de duración inferior a unha semana, en concreto o 30,7%, moitos deles contratos a tempo parcial. Estamos a falar pois dunha modalidade de contratación totalmente abusiva, de carácter non voluntario por parte das persoas que se ven afectadas e, na grande maioría dos casos, acompañada de baixos salarios, xornadas abusivas de traballo, baixa cotización á seguridade social, horas extras non aboadas, etc. Unha modalidade de contratación, por certo, que afecta tanto a persoas con baixa titulación profesional como a persoas con titulación académica superior e que se utiliza tanto por parte do sector privado como das administracións públicas.
- Respecto dos salarios, desde o inicio da crise deuse unha perda xeneralizada do poder adquisitivo destes, perdendo globalmente peso no PIB respecto ás rendas do capital, o que está a contribuír a un incremento importante das desigualdades sociais. É ilustrativo ao respecto o seguinte dato: os únicos colectivos de asalariados/as que se incrementaron desde o inicio da crise foron aqueles que gañan menos do 50% do SMI (estamos a falar duns ingresos anuais inferiores a 2.000€) ou ben o colectivo que ten uns ingresos salariais ao ano superiores a dez veces o SMI (uns ingresos superiores a 78.360€), é dicir, 75 veces superiores aos máis baixos. A isto habería que engadir que as grandes fortunas galegas, neste mesmo período de crise, incrementaron o seu patrimonio en 7.000M€.

A toda esta problemática laboral temos que engadir a política de recorte do gasto en materia de servizos públicos básicos como o ensino, a saúde, a asistencia social e a propia administración pública, o que xunto á súa privatización en moitos casos, está a producir unha forte deterioración tanto na calidade dos servizos como nas condicións laborais das persoas empregadas neles.

Esta xa por si mesma preocupante situación sociolaboral vese agravada coa caída de capacidade produtiva, nuns casos, e a perda de control por parte do capital galego, noutros, de sectores produtivos básicos na nosa economía como é o caso do naval, o agrogandeiro, o forestal, o pesqueiro, o enerxético ou o financeiro, o que, unido ao espolio da nosa enerxía eléctrica e o noso excedente económico, á emigración de miles de mozos e mozas e ao avellentamento e perda de poboación, nos sitúa nun escenario que acentúa aínda máis o carácter periférico e dependente do noso país, o cal, xunto á falla de soberanía, limita a nosa capacidade á hora de promover medidas a favor dun desenvolvemento económico e social autocentrado e poder facer políticas que nos permitan saír da crise pensado nos intereses das nosas clases traballadoras.

Diante deste panorama, o goberno galego, a Xunta de Galiza, limitábase a negar a realidade, facer seguidismo das políticas impostas polo Estado español e a UE e actuar claramente como salvagarda do neoliberalismo e dos intereses das grandes empresas e da oligarquía española, en Galiza.

Polo que respecta ao **escenario político na Galiza**, a realidade é que, a raíz das últimas eleccións autonómicas, non só non mudou a correlación de forzas, no Parlamento autonómico, a favor dos intereses das clases populares galegas, senón que vimos como a dereita saíu reforzada, incrementado o PP o número de deputados e deputadas, e polo tanto truncada a vía parlamentar e a da Xunta como fonte de posibles medidas políticas cunha orientación distinta a dos últimos anos e máis favorábel ao intereses de Galiza e das súas clases traballadoras. Séguenos quedando, e a ela teremos que dedicar todos os nosos esforzos, a vía da organización, da concienciación e da contestación social como fonte principal para cambiar a correlación de forzas e ir logrando éxitos na recuperación de dereitos e condicións de traballo, aínda que sexan parciais, e tendo presente nesta estratexia a utilización do Parlamento como caixa de resonancia das nosas reivindicacións e como fonte de conflito político e ideolóxico coa dereita e o españolismo.

Un escenario distinto dáse no **Estado español**. As últimas eleccións xerais, coa perda da maioría absoluta do PP, debuxan un escenario político que en certos aspectos ben puidese abrir certas esperanzas respecto da situación anterior, tendo en conta ademais de que todo o que ten que ver coa materia laboral, a negociación colectiva, as pensións ou as liberdades públicas, materias na que houbo un importante retroceso na lexislatura anterior, son competencias que non están transferidas e polo tanto seguen a ser competencias que residen no Parlamento español. En calquera caso, danse circunstancias que nada axudan a que sexamos excesivamente optimistas xa que a teórica oposición ao PP é moi variada e, mesmo dentro daquelas forzas que se definen como de esquerdas e polo tanto das que, cando menos en teoría, teríamos que agardar iniciativas que botasen abaixo as políticas regresivas e antisociais do PP na pasada lexislatura, non todas elas están unificadas en canto ás maldades destas políticas, nin cales serían as alternativas, de aí que a pesar dos meses que leva constituído o Parlamento e funcionando o Goberno, aínda non vimos presentados proxectos de lei que vaian na vía de botar abaixo as contrarreformas en materia laboral, de negociación colectiva ou de pensións aprobadas nestes últimos anos.

Outro aspecto de especial relevancia política no Estado español, fóra do tema da corrupción xeneralizada que afecta ao partido do goberno pero que política e socialmente dá a impresión de que o PP xa a ten amortizada, é o problema relacionada coa estrutura xurídico-política do Estado e a solución ao recoñecemento dos dereitos nacionais das nacións que o conformamos. Unha problemática que de novo volve ocupar un primeiro plano da man da reivindicación dun referendo pola independencia que con forza está a reivindicar o nacionalismo catalán e ao que nós -como CIG- damos o noso total apoio.

A nosa acción sindical nestes catro últimos anos

A nosa acción sindical nestes catro anos, como non podía ser doutra maneira, estivo moi centrada en combater as negativas consecuencias que para a clase traballadora galega tiveron as políticas económicas e laborais do PP, así como en fortalecérmonos organizativamente para podermos ser máis eficaces e dar unha mellor resposta. Isto obrigounos a manter unha actividade sindical constante, tanto á hora de dar alternativas como da mobilización social, en materias como a negociación colectiva, o emprego, os servizos públicos, as pensións, a igualdade de xénero, a defensa dos sectores produtivos, a recuperación de dereitos, a oposición aos tratados de libre comercio ou a defensa das liberdades públicas, do noso idioma e da necesidade de soberanía política para Galiza. Como xa comentamos ao inicio, na resposta social e nos centros de traballo, a toda esta problemática, foi a nosa central sindical a que levou a iniciativa e canalizou a grande maioría da conflictividade laboral que se deu no noso país.

A pesar das dificultades existentes pola situación do mercado laboral e da paralización e empeoramento que se deu, nun ámbito esencial da nosa acción sindical, como é a negociación colectiva, aínda así, o certo é que o nivel de conflictividade e de mobilización social que conseguimos activar por toda Galiza foi importante. Estamos a falar dunha conflictividade, na súa grande maioría, moi vinculada a conflitos concretos e que, malia as nosas intencións, non conseguimos darlle un carácter de resposta máis xeral, máis masiva e máis político-ideolóxica, fronte ás políticas antisociais e antiobreiras do PP. En calquera caso, estamos a falar de numerosos conflitos e accións reivindicativas, acompañadas de concentracións, manifestacións, folgas de fame ou folgas de empresa ou sectoriais, nalgúns casos de moitos días de duración, vinculadas a temas como: os despedimentos individuais ou colectivos, a deterioración e privatización dos servizos públicos, o non pagamento e non cotización de horas extras, o acoso laboral, a represión sindical, a mellora salarial ou os intentos de recorte de dereitos nos convenios colectivos ou as propias campañas sobre temas xerais promovidas pola CIG.

Ante a imposibilidade de recollermos neste informe os centos de conflitos laborais que protagonizamos nestes catro anos, citaremos como exemplo de toda esta conflictividade laboral e social aqueles casos que recorreron á caixa de resistencia ou en que os compañeiros e compañeiras da CIG afectados/as foron propostos/as polas estruturas para recibiren os premios do Oito ou do Dez de Marzo. Exemplos: empresa SEAQUARZ, produción taboleiros de seixo, comarca de Ferrol; empresa MARIEL MODA, comercio téxtil, comarca de Vigo; empresa UNISONO, centro de chamadas, comarca de Vigo; empresa AGADER, axencia desenvolvemento rural, comarca Santiago; empresa AMENCER REICLADO, reciclaxe de papel e cartón, comarca Ourense; sector AMBULANCIAS, ámbito nacional; empresa LIMPEZAS FARO, limpeza hospital xeral, comarca Vigo; empresa RESIDENCIA VALLE INCLÁN, residencia terceira idade, comarca Pontevedra; empresa ALBADA, reciclaxe do lixo, comarca da Coruña; empresa CLEANET, sector da limpeza, comarca de Ferrol; empresa TREVES, sector automoción, comarca Pontevedra; empresa URBASER, sector da limpeza, comarca de Lugo; empresa ISOLUX CORSAN SERVICIOS, mantemento hospitalario, comarca Vigo; empresa POVISA, sanidade privada, comarca de Vigo; empresa REGAKI, venda en quioscos, comarca de Santiago; empresa ALTHENIA, mantemento parques e xardíns, comarca Vigo; empresa PSA PEUGEOT CITROEN, automoción, comarca de Vigo; empresas SUBCONTRATAS TELEFÓNICA, mantemento liñas telefonía, varias comarcas; empresa MERCADONA, comercio alimentación, varias comarcas; empresa AUTOS DE CALO, transporte de viaxeiros, comarca Santiago; e empresa EXTEL, centros de chamadas, comarca da Coruña.

A negociación colectiva

Os cambios introducidos nos anos 2011 e 2012, polos sucesivos gobernos españois, na lexislación laboral a través do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012, supuxeron unha modificación moi importante do Estatuto dos Traballadores en materia de negociación colectiva, en temas fundamentais como a aplicación e interpretación do convenio colectivo, a flexibilidade interna, a estrutura da negociación colectiva, a lexitimación para negociar ou a concorrencia, prevalencia, contido e vixencia dos convenios colectivos.

Cada unha das medidas que estes gobernos implantaron nestas reformas, estaban perfectamente programadas para debilitar as posicións dos traballadores e traballadoras e atacar os modelos sindicais de clase combativos como os que representa a CIG. A redución da ultraactividade a un ano, a prevalencia dos convenios de empresa sobre os de sector e os convenios de ámbito estatal sobre os provinciais ou autonómicos, o favorecer a inaplicación dos convenios en materia salarial, xunto coas contrarreformas laborais en contratación, despedimento, xornada laboral ou modificación substancial das condicións de traballo, tivo como resultado a paralización da negociación colectiva e o retroceso no contido de moitos convenios colectivos; os salarios nuns casos diminuíron, noutros quedaron conxelados e noutros tiveron uns incrementos ridículos; incrementouse o número de convenios que non se aplican, así como as desigualdades salariais entre traballadores e traballadoras dunha mesma empresa e mesmo entre empresas dentro dun mesmo sector.

Esta é a dura realidade que exemplifica en que medida estas reformas da negociación colectiva están a prexudicar os intereses da clase traballadora xerando un marco de negociación claramente desequilibrado a favor dos intereses da patronal. Estamos a falar, pois, de cambios na normativa laboral, feitos conscientemente polos gobernos españois correspondentes, coa finalidade de provocar unha caída xeneralizada dos salarios, e dividir a clase traballadora pola vía da atomización dos convenios e a individualización da negociación das condicións laborais, en definitiva, matar a negociación colectiva como o principal instrumento de participación, de toma de conciencia colectiva, de solidariedade e de conquista de melloras salariais e laborais que teñen os traballadores e traballadoras.

Nestes anos, desde a CIG, demos prioridade nun primeiro momento a salvagardar a ultraactividade con carácter xeral, asegurando a permanencia dos dereitos xa recollidos normativamente nos convenios. Esta decisión en numerosos casos provocou a prórroga ou a extensión da vixencia dos convenios e por consecuencia unha conxelación, perda ou moi escaso incremento dos salarios. A cambio, aseguramos a permanencia da ultraactividade sen limitacións en preto do 90% dos nosos convenios.

Como organización dedicamos especial atención tamén a impedir que as empresas aproveitasen esta lexislación favorábel aos seus intereses para presionar os delegados e delegadas sindicais e forzar o asinamento de convenios de empresa con condicións inferiores aos convenios de sector, un perigo moi real no noso país, cunha estrutura empresarial moi maioritaria de pequena empresa. O certo é que, de momento, os casos de convenios de empresa que minoraron as súas condicións de traballo e salarios non son moi numerosos, pero nos que se deu esa circunstancia destaca en común o feito de seren empresas con alta precariedade nos contratos e a colaboración delituosa, nuns casos de CCOO e noutros de UGT. Nalgúns destes convenios de empresa chégase a pactar unha redución nos salarios en cantidades superiores a 200 € no mes.

Cómpre salientar tamén a campaña que promovemos a nivel social e nas empresas, e que mesmo canalizamos a través dunha iniciativa no Parlamento galego, de oposición e denuncia da dinámica xerada polas centrais sindicais estatais, CCOO e UGT, de asinar convenios marco de ámbito estatal, buscando así o control burocrático e superestrutural da negociación colectiva, limitar ou eliminar a negociación en ámbitos inferiores, marxinarlos e quitarnos poder de influencia ás centrais nacionalistas representativas doutra maneira de facer sindicalismo, reducindo a negociación colectiva a unha negociación por arriba, entre os dirixentes e técnicos desas dúas centrais e da patronal e apartando, polo tanto, a negociación do control e da decisión dos seus verdadeiros protagonistas que son os traballadores e traballadoras afectados. De cara a rachar esta dinámica centralizadora e reforzar o marco galego de decisión, desde a CIG tomamos a iniciativa de promover, no marco do Consello Galego de Relacións

Laborais, un Acordo Interprofesional Galego sobre a estrutura da negociación colectiva, no que, entre outros aspectos, quede recollido a prevalencia aplicativa dos convenios asinados en Galiza respecto dos asinados a nivel estatal, na liña do que recentemente se asinou en Euscadi.

Quédanos moito que facer nesta materia tan crucial na nosa actividade sindical. Temos que seguir a esixir a derogación das últimas contrarreformas nesta materia e ao tempo debemos orientar o traballo da CIG a recuperar a fortaleza dos convenios impedindo que se instale de xeito definitivo todas as medidas regresivas producidas polas reformas. Sabemos que unicamente creando organización, levando a iniciativa, sendo decididos a hora de promover a conflictividade necesaria e dando as respostas proporcionadas en cada conflito, seremos capaces de corrixir esta tendencia de retroceso e perda de dereitos. Os convenios de sector, galegos ou provinciais, pola naturalidade, proximidade e forza que proporciona este ámbito, seguen a ser os espazos máis apropiados para a clase traballadora e o desenvolvemento da nosa acción sindical nesta materia.

Saúde laboral

No contexto actual de precarización do mercado laboral as consecuencias negativas en materia de saúde laboral non se podían facer esperar, producíndose nos tres últimos anos un significativo incremento da sinistralidade laboral no conxunto do noso país. Por unha banda, as pequenas empresas, que conforman o 90% do tecido produtivo, non rematan de adquirir unha auténtica e verdadeira cultura preventiva, e por outra, unha administración autonómica gobernada polo PP, insensibilizada e inoperativa, non é quen de poñer en marcha políticas preventivas axeitadas á nosa realidade produtiva, nin de establecer un marco de esixencia e rigor no necesario cumprimento normativo por parte das empresas.

Ante esta realidade e dentro das súas posibilidades, a CIG ten levado a cabo unha batería de actuacións destinadas a protexer e defender a seguridade e a saúde laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras galegas no marco dos recursos que ten dispoñíbeis. Así, nos últimos anos desde o Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral, en coordinación coa Secretaría Confederal de Negociación Colectiva, e a proposta das distintas estruturas territoriais e federativas da nosa organización, tense abordado a realización de centos de iniciativas formativas polas que a través de distintos formatos (cursos básicos de prevención de riscos laborais, cursos monográficos de seguridade e saúde laboral e xornadas técnicas) pasaron unha parte importante dos/as nosos/as delegados/as sindicais, así como centos de traballadores e traballadoras procedentes de todos os sectores produtivos no conxunto do País.

Así mesmo, a CIG dispón nalgunhas das súas comarcas de Servizo de Asesoramento Técnico en materia de prevención de riscos e saúde laboral, así como dun sistema de asesoramento en liña emprazado na plataforma www.cigsaudelaboral.org, a través dos cales igualmente se teñen tramitado e resolto nos últimos anos centos de asesoramentos técnicos e consultas realizadas tanto polos/as nosos/as delegados/as como polos/as nosos/as afiliados/as e liberados/as en materia de seguridade, prevención e saúde laboral. Tamén dentro da batería de actuacións que a CIG está a desenvolver nesta materia, está en disposición para ser consultada polo conxunto dos/as afiliados/as a plataforma web www.cigsaudelaboral.org, a través da cal se promove a difusión e a información en materia de prevención de riscos e saúde laboral en Galiza.

Nesta liña de información e difusión en materia preventiva, e a través do noso Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral, a CIG tamén publica con carácter trimestral o Boletín informativo CIG-Saúde Laboral, que se distribúe en formato dixital ao conxunto da afiliación a través do correo electrónico, así como a outros organismos, entidades e institucións, chegando a alcanzar unha tiraxe de distribución directa duns 30.000 exemplares, dos que nesta última edición se publicou o número 23.

No que toca á representación institucional no eido da prevención de riscos e a saúde laboral, a CIG está presente a nivel autonómico no Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, así como na Comisión de Goberno do ISSGA. No que atinxe ao nivel estatal, mantemos representación na Comisión Estatal do INSHT así como no pleno da Fundación estatal para a Prevención de Riscos Laborais.

O capital considera a saúde laboral e a prevención de riscos como un gasto e non como un investimento altamente rendíbel en termos humanos e económicos. Consecuencia deste nefasto criterio e da continua e sistemática redución do gasto comprometido en políticas preventivas, a seguridade e a saúde laboral das nosas empresas están en moitos casos seriamente cuestionadas, experimentando unha perigosa deterioración que en última instancia sofren o conxunto dos traballadores/as. Ante esta situación á CIG non lle queda máis remedio que promover, tanto a nivel das empresas como a nivel institucional, unha política de acción sindical combativa, rigorosa e extraordinariamente esixente na defensa da seguridade e a saúde laboral dos traballadores/as galegos/as, poñendo en disposición todos os medios e impulsando todas actuacións necesarias, co fin de minimizar e se é posible contribuir a revertir esta manifesta e inustificábel situación de indefensión que, con moito, vulnera o inalienábel dereito dos traballadores/as a desenvolveren o seu traballo nunhas condicións de seguridade que garantan a súa saúde e en última instancia a súa propia vida e dignidade.

Emprego

Promovemos dúas Iniciativas Legislativas Populares, unha delas con 100 medidas de carácter transversal en diferentes materias para fomentar o crecemento económico e a creación de emprego, e a outra iniciativa legislativa dirixida a promover unha tarifa eléctrica máis barata para Galiza, ao abeiro da nosa condición de país produtor e exportador de enerxía eléctrica dentro do Estado, así como con medidas para paliar a pobreza enerxética. Estas iniciativas, ademais de supoñeren un importante traballo social de recollida de sinaturas, 31.000 na primeira e 15.000 na segunda, foron acompañadas de presentacións, marchas, concentracións, manifestacións de carácter comarcal e nacional, etc., mesmo coa elaboración de propostas específicas adaptadas a cada realidade comarcal.

O resultado do debate parlamentar sobre estas dúas ILP foi, inicialmente, moi distinto. A primeira delas foi rexeitada coa maioría absoluta do PP, mentres que a segunda foi apoiada por unanimidade dos grupos parlamentares, pasando a ser tramitada como proxecto de lei, situación na que se encontra na actualidade en fase de debate na correspondente comisión parlamentar, con manobras claras por parte do PP de atrasar a súa tramitación (hai máis dun ano que foi aprobada polo pleno do Parlamento), e todo indica que co ánimo claro de baleirala de contido.

Polo demais, foron numerosas as loitas que levamos adiante neste tempo, na defensa dos postos de traballo fronte a numerosos despedimentos individuais e colectivos que se produciron, así como da calidade destes a través da negociación colectiva pola vía de pór límites á contratación temporal e á presenza das ETT.

Exemplos tamén da defensa do emprego foi a nosa participación nos actos de protesta que tiveron lugar en defensa do noso sector primario, algúns deles con importante presenza de xente e repercusión social, protagonizados por organizacións profesionais do sector, como foi o caso das mobilizacións do sector da pesca de baixura e das tractoradas e manifestacións do sector gandeiro.

Así mesmo, durante todo o ano 2015, promovemos unha campaña baixo o lema “CONTRA A POBREZA, EMPREGO E SALARIOS DIGNOS” que nos levou a facer numerosos actos informativos e reivindicativos por todas as comarcas de Galiza.

Dereitos laborais e sociais

O ataque que as contrarreformas laborais destes últimos anos supuxeron aos nosos dereitos laborais e sociais fixo que esta loita pasase a un primeiro plano da nosa actividade sindical. Por un lado, buscando a súa protección a través da negociación colectiva e nos centros de traballo e, por outro, promovendo mobilizacións esixindo a derogación desa lexislación laboral tan antiobreira e antisocial. A importancia desta materia foi o que nos levou a editar un traballo sobre as reivindicacións da CIG

en materia de dereitos laborais e sociais, que superasen a lexislación actual pero tamén mesmo a que había antes destas últimas contrarreformas. E a súa importancia tamén é o que motiva a campaña que empezamos a finais do 2016, baixo o lema “Pola recuperación dos dereitos laborais e sociais, contra a precarización do mercado laboral”, campaña que continúa na actualidade e que motivou varios actos reivindicativos nas diferentes comarcas, unha manifestación nacional na defensa do sistema público de pensións e foi tamén o contido reivindicativo principal das manifestacións que celebramos o 10 de Marzo, Día da Clase Obreira Galega, así como o 1º de Maio.

Neste traballo sindical de defensa dos nosos dereitos, xogou un papel moi importante a defensa das pensións fronte ao ataque de que está a ser obxecto o sistema público. Os numerosos recursos económicos que mobiliza o sistema público de **pensións**, leva sendo obxecto de desexo por parte do capital financeiro desde hai anos. A iso, e a non outra razón, obedecen as sucesivas campañas, acompañadas de sisudos informes elaborados por expertos neoliberais ao servizo da banca, anunciando a inviabilidade e a quebra do sistema público se non se adoptan medidas inmediatas, informes que non se cumpriron pero si serviron como escusa aos sucesivos gobernos españois, do PSOE e do PP, para levaren adiante reformas que supuxeron, e van seguir supondo, un retroceso na idade de xubilación, unha caída na contía das pensións e un incremento de dificultades para ter acceso a unha pensión pública. Todo isto, coa única finalidade de potenciar os sistemas privados de pensións e que lamentablemente contou por activa ou por pasiva co apoio das centrais sindicais estatais, con intereses económicos tamén nesta materia.

Desde a CIG estamos nunha campaña permanente de denuncia destes feitos, de debate e concienciación da clase obreira, de exposición das nosas alternativas en defensa do sistema público, de mobilización na súa defensa con actos de protesta nas comarcas e mesmo unha manifestación nacional que celebramos o pasado día 28 de xaneiro en Compostela, actos promovidos polo Colectivo de Pensionistas e Xubilados/as da CIG co apoio de toda a central sindical, motivados nestes momentos pola preocupación lóxica do que poda saír do debate que se está a dar na comisión parlamentaria do Pacto de Toledo e diante do baleirado do Fondo de Reserva ou da caída de ingresos da Seguridade Social, como consecuencia das políticas do PP de precarización do mercado laboral ou de bonificacións á contratación das empresas.

Estes últimos catro anos foron uns anos nos que o gasto do goberno en políticas sociais sufriu un drástico recorte, sobre uns 3.000 millóns de euros. A CIG ten abandeirado en Galiza a resposta a estes recortes no sistema de protección social.

No concreto, o medre de desafuzamentos e os abusos bancarios a respecto da hipotecas teñen sido, e son, temas de desgraciada actualidade. A CIG, ten facilitado información e asesoramento básico á nosa afiliación sobre as reclamacións referentes ás cláusulas chan que as entidades bancarias aplicaban ás hipotecas.

Polo que respecta ao apartado institucional, en materia de políticas sociais, cómpre salientar que no ano 2013 o PP creaba en Galiza o Consello Galego de Benestar Social.

Desde a súa creación e nas máis de vinte xuntanzas deste organismo, a CIG veu denunciando sistematicamente o seu carácter propagandístico. O goberno do PP pretendía dar imaxe de que tiña unha enorme preocupación por desenvolver políticas sociais que afondasen no benestar social da poboación cando en realidade o que se estaba a aplicar eran salvaxes recortes no sistema de protección social: coberturas médicas, protección fronte ao desemprego, axudas á diversidade, á mobilidade, igualdade, etc.

Foron numerosos os decretos, leis e demais normativa que pasaron a ditame deste consello, como o decreto de carteira de servizos sociais, decreto de atención temperá, decreto de puntos de encontro familiar, programa RECONDUCE, prezos de escolas infantís, etc. Toda unha serie de lexislación con moita propaganda e pouco contido orzamentario que, como dicíamos, non era nin é o que precisa a clase obreira nestes intres de altas taxas de desemprego e de continuos recortes sociais e laborais e que polo tanto contaron co noso voto negativo no Consello Galego de Benestar.

Neste campo da defensa dos dereitos sociais, abrimos no 2016 un novo campo de traballo vinculado ao seguimento do cumprimento por parte do Estado Español da **Carta Social Europea**. Para isto enviamos o noso propio e primeiro informe ao Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS), desmentindo

aspectos do contido do Informe en materia de dereitos sociais que todos os anos envía o Estado español a requirimento do devandito comité europeo. Malia os limitados efectos que estes contrainformes sindicais poidan ter, debido a que, aínda que as resolucións do CEDS son vinculantes para os estados membros, no caso do Estado Español non se ratificou o Protocolo de Reclamacións Colectivas de 1995 (así como tampouco a versión revisada da Carta Social Europea de 1996), consideramos de interese que o devandito comité europeo, no seu informe anual, recolla observacións sobre incumprimentos do Estado español da Carta Social Europea, denunciados por organizacións sindicais, como pode ser neste caso a CIG.

Servizos públicos

O traballo sindical nesta materia desenvolvímonos a través das tres federacións que a CIG ten na Área Pública (Administración, Ensino, Saúde).

Administración Pública.

Na Administración Pública, centramos a nosa actividade sindical, nestes catro últimos anos, fundamentalmente en recuperar os dereitos laborais e sociais perdidos polas traballadoras e traballadores das administracións públicas, así como en recuperar o emprego e a calidade no servizo, perdidos como consecuencia das privatizacións e do recorte no gasto público.

O impacto que estes anos de crise deixaron nas administracións públicas galegas, o efecto que as políticas de austeridade e os recortes implementados, tanto ao seu persoal como a prestación de servizos públicos, dan o seguinte resultado a día de hoxe: eventualidade entre un 30-40% nos cadros de persoal nas distintas administracións, caída de máis dun 6% de emprego público e amortización de prazas, un incremento da idade media dos cadros de persoal efectivos até situarse nunha media entre os 50-55 anos, diminución da calidade dos servizos públicos e desaparición de moitos deles, nuns casos e privatización noutros e perda de poder adquisitivo do persoal que se cifra nun 31,7 % no Estado español e nun 38,7% para as traballadoras e traballadores que dependen da Xunta de Galiza.

Traballouse en todos os seus sectores (Estado, Autonómica, Local, Xustiza, Correos e Universidades) de cara a conseguir un plan de choque para recuperar, cando menos, os niveis de emprego público do ano 2009; conseguir rematar coa altísima taxa de temporalidade instalada nas administracións; recuperar condicións laborais, económicas e profesionais; igualar as condicións do persoal que traballa na chamada administración paralela ou administración instrumental. Toda esta acción sindical foi acompañada de numerosos actos de protesta e manifestacións.

Sanidade Pública

Se houberse que definir brevemente a política sanitaria do PP na Galiza, nestes catro últimos anos, habería que se referir a privatizacións e negocio coa nosa saúde.

Foron 4 anos continuados de recortes na sanidade pública, non só de recortes de dereitos laborais (xornada, retribucións, complemento de incapacidade laboral, vulneración dos dereitos da muller á hora de ser contratada...), se non que ademais isto veu acompañado polo desmantelamento da sanidade pública con recortes importantes nos cadros de persoal, e redución de orzamentos, imposibilitando con isto a prestación dunha sanidade pública e de calidade.

Fronte a isto a nosa acción sindical foi continua e permanente, denunciámos e mobilizámonos contra os seus decretos legislativos de Madrid e de Galiza. Decretos sempre na liña privatizadora, co obxectivo de rematar co dereito a unha sanidade pública, universal e de calidade. Para isto crearon o R.D. 16/2012 e ademais utilizaron este decreto para consolidaren os copagamentos, e limitar a carteira de prestacións de servizo, xerando unha desigualdade entre a poboación (sanidade de pobres e ricos), limitando a accesibilidade e a equidade aos servizos sanitarios, e cun novo imposto á enfermidade.

Na Galiza, o PP sacou adiante a Lei 12/2013, do 9 decembro, de garantías de prestación sanitaria coa única pretensión de igualar a sanidade pública e a privada. Esta lei de garantías recolle que, se

o SERGAS non cumpre os prazos estipulados nela para intervencións cirúrxicas ou a realización de probas diagnósticas, as persoas poden ser atendidas na sanidade privada, e isto é a fórmula perfecta para a derivación de doentes á sanidade privada.

As campañas emprendidas estiveron sempre encamiñadas a denunciar e combater os roubos que se nos estaban a facer nos nosos dereitos laborais e sociais, intentando implicar non só as/os profesionais do sistema público, senón tamén a sociedade polo desmantelamento da sanidade pública. Durante estes 4 anos mantivemos unha campaña permanente de denuncia de todos os recortes e privatización e a favor de que a sanidade pública ten que seguir sendo un servizo público ao servizo da cidadanía e non un pastel a repartir entre os afíns ao Partido Popular.

Foron moitos os actos de protesta realizados durante estes anos, ben directamente como CIG-Saúde ou ben a través da Plataforma SOS Sanidade Pública, constituída a nivel de Galiza e en varias comarcas, da que a CIG non só formamos parte se non que fomos os seus principais impulsores.

A sensibilidade social conseguida a través destas campañas en defensa da sanidade pública e contra as privatizacións promovidas polo PP, púxose de manifesto na alta participación de xente nas manifestacións convocadas, sendo especialmente relevante as celebradas na cidade de Vigo cunha participación por riba das 100.000 persoas.

Sanidade privada.- Sempre defendemos á sanidade pública coma a principal prestadora da asistencia sanitaria, por ser a que garante os mesmos dereitos para todas as persoas. A sanidade privada ten que xogar un papel complementario do sistema público. A pesar disto, as/os traballadoras/es da sanidade privada son conscientes de que a CIG é o único sindicato que defende con maior garantías os seus dereitos laborais, sen conivencias coa patronal. Defendemos que a súas condicións de traballo, salariais e de xornada, estean en función dos ratios de doentes e dos beneficios empresariais. A presenza da CIG na negociación dos seus convenios fixo posíbel o mantemento dos dereitos adquiridos, e que non se lles aplicasen as medidas salvaxes da reforma laboral.

Ensino Público.

Este período no ensino estivo caracterizado pola imposición e aplicación da LOMCE e por políticas educativas que afondaron na deterioración do ensino público, na continuidade dos recortes, na perda de dereitos laborais e salariais, na exclusión do noso idioma, na aposta polo ensino privado en detrimento do público e na actitude españolizadora, autoritaria e nepotista da Consellaría de Educación.

Activamos todos os mecanismos de información, mobilización e loita por combater a LOMCE, conscientes de que supón a concreción dun modelo educativo neoliberal españolista e reaccionario. Dinamizamos a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, mediante a cal canalizamos unha grande parte das diversas accións de rexeitamento á devandita lei e aos recortes no ensino público. Despregamos un intenso traballo de información e axitación e promovemos diferentes manifestos e resolucións dos centros, peches, actos na rúa, manifestacións, marchas e recollida de máis de 20.000 sinaturas esixindo a súa derogación. Cabe destacar a participación e convocatoria das 9 folgas levadas a cabo contra a LOMCE e en defensa do ensino público na Galiza. A campaña contra as reválidas supuxo que o 80% do alumnado dos centros públicos boicotease a proba de 3º e 6º de primaria, o que axudou a paralizar as de ESO e bacharelato.

Os recortes brutais aplicados a Educación supuxeron, entres outras consecuencias, a destrución de emprego, menos profesorado nos centros, máis alumnado por aula, maior precariedade, depreciación dos salarios do profesorado nunha media do 18.6%, redución das pagas extras e do salario en situación de incapacidade temporal e incremento do horario lectivo. Xunto con este atropelo aos dereitos laborais e sociais asentouse un ataque ao dereito a unha educación de calidade educativa que foi motivo de conflito permanente por peche de escolas e unidades, carencia de profesorado, falta de prazos no ensino público, nomeadamente na formación profesional e no 1º ciclo da ESO; a supresión da gratuidade dos libros de texto, o encarecemento do comedor escolar e a desatención á diversidade. Todo

isto explica o porqué de que desde a chegada de Núñez Feixoo á presidencia da Xunta se acumulen uns recortes de 1.943 millóns de euros no ensino público, mentres cada ano se transfiren 250 millóns de euros ao ensino privado.

Esta política orzamentaria, salarial e de emprego en beneficio do ensino privado e en detrimento do público así como a loita pola restitución dos dereitos laborais e salariais foron motivo constante de axitación e mobilización durante todos estes anos e da presentación, pola CIG, da Iniciativa Lexislativa Popular de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos e para mellorar a calidade do ensino. Esta ILP foi apoiada con máis de 23.000 sinaturas do profesorado e finalmente non prosperou no Parlamento debido á maioría absoluta do PP.

O noso empeño en exclusiva fixo posíbel, despois dun longo percorrido xudicial, conseguir o dereito aos recoñecementos médicos anuais para o profesorado, así como a paralización da pretensión de querer liquidar o permiso de tres días por enfermidade leve xustificada.

Papel destacado na nosa acción sindical foi o da loita pola galeguización do ensino e a súa vehiculización en lingua galega, máxime tendo en conta o empeño do PP en excluír e combater o noso idioma coa promulgación do Decreto de plurilingüismo e da aplicación da LOMCE. As modificacións introducidas na carga lectiva nas materias da ESO supuxeron unha nova e acrecentada marxinação do galego. Hoxe, o alumnado recibe 13 horas menos de galego que de español na modalidade de ensinanza aplicada e 10 menos nas académicas no conxunto da ESO. Estamos comprometidos en combater esta política galegofóbica até conseguir un ensino plenamente galego.

A igualdade de xénero

Incrementar a participación das mulleres na nosa central sindical malia os cambios organizativos desde o anterior Congreso segue a ser hoxe unha tarefa pendente, responsabilidade que non debe recaer na Secretaría das Mulleres, senón en todas as estruturas sectoriais e comarcais da CIG. Un reto que debemos afrontar de xeito continuo, sumando mulleres ás candidaturas ás eleccións sindicais, e posteriormente formando cadros que poidan incorporarse ás estruturas de dirección da CIG.

Tarefa complicada de afrontar se temos en conta que durante estes últimos catro anos o empeoramento das condicións para dispoñer dun posto de traballo digno e estábel está a castigar a toda unha xeración de mozas que ou viven na precariedade ou se ven obrigadas a emigrar en busca dunha saída laboral, e ao tempo condena as traballadoras de máis idade a unhas prestacións de xubilación míseras, mentres que as traballadoras actuais sobreviven con traballos a tempo parcial, en moitos casos con salarios e condicións sociais e laborais moi precarias, por mor da aplicación das reformas laborais e dos recortes nos servizos públicos ou no sistema de pensións.

Por ese motivo, desde a Secretaría das Mulleres diriximos durante estes anos de crise a nosa atención á necesidade de visibilizar unha nova figura emerxente no capitalismo: a da traballadora precaria, a traballadora pobre, denunciando as consecuencias da precariedade na desestruturación da clase obreira, en xeral, e o papel activo do heteropatriarcado na opresión das mulleres en particular.

Conscientes disto, traballamos arreo por consolidar o noso espazo organizativo, desde a Comisión Nacional de Mulleres, organismo no que están representadas as secretarías das mulleres das comarcas e das federacións a nivel nacional da CIG, e do cal emanan as campañas e iniciativas en materia de negociación colectiva e acción sindical con perspectiva de xénero, e onde aprobamos as liñas de actuación en materia de acción feminista da nosa central sindical.

Froito do debate deste organismo, apostamos pola creación dun foro de discusión e decisión máis amplo, co obxecto de achegarnos ás delegadas, coñecer a súa visión sobre cal é a situación das mulleres no mercado de traballo e na sociedade en xeral, xunto coas nosas propostas e alternativas, creando o chamado Encontro Nacional de Mulleres da CIG (que se produciu en novembro de 2015 e de 2016) no que participaron preto de 500 delegadas da CIG. Un espazo que consideramos debe consolidarse

e repetirse no futuro, xa que só desde a consideración das mulleres como suxeito activo na loita de clases estaremos en condicións de cambiar a correlación de forzas na sociedade.

Paralelamente, as mulleres da CIG fomos quen de implicar na loita feminista a moitas compañeiras que non estaban a participar de xeito activo en accións que non eran convocadas en exclusiva pola central sindical. O noso activismo foi chave para achegar as delegadas á loita feminista. O dinamismo fomentado polas mulleres da nosa central sindical visualizou a CIG como unha central capaz de estimular e fortalecer outras dinámicas, e de dinamizar loitas concretas: o dereito das mulleres a decidir sobre os seus corpos, a loita contra os feminicidios, os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, a loita pola diversidade sexual e contra o acoso, sexa sexual, por razón de sexo ou LGTBI fóbico.

Nos organismos nos que fomos convocadas pola administración, sexa no ámbito do Consello Galego de Relacións Laborais, como nas distintas comisións de traballo adscritas ao Consello Galego das Mulleres da Xunta de Galiza, levamos a nosa denuncia sobre a falta de compromisos reais en materia de igualdade de oportunidades, sendo especialmente críticas co contido dos plans de igualdade negociados nas empresas en Galiza, coa ineficacia das medidas en materia de igualdade pactadas na negociación colectiva, así como a demagogia dun goberno que acomete recortes no sistema público de benestar para beneficiar a patronal, que legisla contra os dereitos das mulleres, mentres anuncia pactos contra a violencia de xénero, nun claro exercicio de hipocrísia, que amosa a escasa vontade política existente para superar a discriminación.

Mais debemos seguir dando pasos na interiorización da transversalidade das políticas de xénero na acción política da nosa central sindical, de maneira que tanto a saúde laboral como a acción sindical ou a negociación colectiva teñan en conta esta perspectiva na súa planificación e execución.

Así, o emprego dunha linguaxe inclusiva, que nomee a homes e mulleres, que visibilice a figuras femininas e masculinas nas imaxes e propaganda da nosa central sindical, a asunción da importancia da negociación de medidas de conciliación, a prol da igualdade, contra o acoso e a violencia, de xeito paralelo á da negociación de melloras salariais foron cuestións nas que tivemos que afondar nestes catro anos e nas que debemos seguir a traballar neste vindeiro Congreso. Fortalecer, en definitiva, a nosa organización con mulleres e homes bravos, dispostas e dispostos a facer unha fronte común como clase traballadora galega, en contraposición aos abusos do capitalismo e do patriarcado.

Comunicación

Nos últimos anos é reiterativo que nos Informes de Xestión que se elaboran para os distintos Congresos se fale da necesidade e urxencia de contar con medios de comunicación propios; isto é así polo ocultamento e a manipulación á que a CIG se ve sometida polos medios do sistema.

Para o sistema capitalista é básico ter un control absoluto dos medios de información, xa que a “desinformación” é básica e fundamental para soste a ideoloxía dominante. Ter o control absoluto da comunicación de masas, é dicir, da radio, da televisión, da prensa escrita e dixital e das novas tecnoloxías da comunicación é prioritario para manipular a sociedade; en definitiva, é un pilar fundamental para exercer un férreo control sobre a cidadanía e os traballadores/as.

Non dubidan en mentir, transformar ou silenciar aquelas noticias que dan unha visión positiva das loitas da clase traballadora na defensa dos seus dereitos. A nova terminoloxía da “posverdade” cuñada polo aparato de propaganda do novo presidente dos Estados Unidos é unha boa demostración de até onde son capaces de chegar para manter o control da información. A nivel global, a información do que sucede en Venezuela ou da guerra de Siria son boa proba disto.

En Galiza, os medios de comunicación ao servizo do Partido Popular, tanto os públicos coma os privados, son alumnos avantaxados (e ben subvencionados) cando se trata de informar sobre a actividade do noso sindicato. Especial mención temos que facer sobre o xornal La Voz de Galicia, que fai verdadeiras “obras de engano e manipulación” cando informa sobre a nosa central.

Con este panorama, desde a Secretaría de Comunicación e Propaganda da CIG mantemos unha batalla diaria e desigual para poder dar a coñecer á nosa militancia e ao conxunto dos traballadores/as a nosa actividade sindical.

Dentro do inxente traballo do departamento de Comunicación e Propaganda, e tal como marcamos no anterior Congreso Confederal, fomos quen de mellorar as ferramentas de comunicación baseadas principalmente nas novas tecnoloxías. A renovación páxina web AVANTAR fíxonos avanzar extraordinariamente na comunicación instantánea cos nosos afiliados/as, o que permite que a información sobre os conflitos e campañas que desenvolvemos como sindicato sexan seguidas por miles de traballadores/as case en tempo real, poñendo á súa disposición información puntual e precisa. Esta aposta por mellorar a nosa páxina web trouxo tamén un incremento das visitas e da nosa presenza nas redes sociais, con milleiros de consultas aos nosos perfís de Facebook e Twitter.

Tamén se perfeccionou a páxina extática do AVANTAR, na que agora se pode ter acceso de xeito sinxelo a documentación, información legal e interna, cartelaría, etc. Cunha simple navegación pola páxina os afiliados/as e usuarios/as teñen ao seu alcance os servizos da CIG case na súa totalidade.

Neste camiño terá que seguir afondando a Secretaría Confederal de Comunicación.

Mención á parte temos que dedicar á propaganda e ás campañas no soporte que utilizamos historicamente, o papel. As campañas do 8 e 10 de Marzo, do 1 de Maio, do 17 de Maio e do 25 de Xullo teñen aínda un peso importantísimo na nosa comunicación.

Os cartaces, panfletos e boletíns que se editan ao longo destes anos son unha boa mostra de que aínda existe unha gran parte dos traballadores/as que utilizan este soporte como medio para estar informados do que acontece tanto nos seus centros de traballo como na sociedade en xeral.

Conscientes disto, apostamos por recuperar a publicación do Tempo Sindical, o voceiro en papel do noso sindicato, tras varios anos paralizada. Deste xeito, os tres novos números que se editaron neste período viron a luz cun formato renovado e actualizado no que ten un gran peso o aspecto visual, mais sen deixar de lado uns contidos que se centran na información, na análise e na formación.

Especial atención lle dedicamos nestes últimos anos ao soporte da nosa comunicación en vídeo, diante da necesidade de cubrirmos a crecente importancia do audiovisual como ferramenta informativa e propagandística, considerándoa estratéxica tanto para o reforzo da proxección externa do traballo sindical como para a divulgación dos principais conflitos laborais, manifestacións, protestas e campañas confederais á filiación e ás bases da central. Tamén como soporte das necesidades audiovisuais dos actos, premios e congresos a nivel confederal, federal ou comarcal, da Fundación Moncho Reboiras, así como da xestión do arquivo audiovisual da central, a nosa “memoria viva”.

Desde o VI Congreso existiu unha notábel mudanza tecnolóxica, estendéndose o uso de teléfonos intelixentes, redes sociais (facebook e twitter) e aplicacións de mensaxaría (whatsapp), que facilitan a recepción dos nosos materiais, esixíndonos, porén, un continuo redeseño das estratexias de difusión dos materiais, alén da actualización periódica da calidade técnica en función dos estándares de vídeo actuais.

Neste período intercongresual acadamos un total de 477.013 visualizacións (323.866 nos vídeos publicados en facebook e 153.147 en youtube), dun total de 554 vídeos. Nos últimos meses experimentamos tamén coa difusión vía whatsapp (sen posibilidade de datos estatísticos) e ensaiamos a emisión ao vivo pola rede, modalidade que aspiramos a ampliar e perfeccionar nos vindeiros meses.

Por outra banda, parécenos acertado que nos relatorios a debater neste VII Congreso se propoña a creación dunha Comisión Nacional de Comunicación co obxectivo de coordinar e homoxeneizar a nosa comunicación tanto interna como externamente. Tamén é necesario que a política de axuda e colaboración con medios en lingua propia como a que lle prestamos ao xornal *Sermos Galiza*, entre outros, continúe e contribuíamos a normalizar a utilización do noso idioma na sociedade.

Para rematar, o coidado exquisito que debemos ter tanto na escrita como nos deseños de propaganda axudaranos a rachar coa tendencia á masculinización do discurso na que moitas veces podemos caer por rutinas e costumes pouco acertadas.

A formación para o emprego

O PP aproveitou os escándalos derivados de fraudes que se cometeron na xestión dos fondos de formación para o emprego, por organizacións, na maioría dos casos, próximas á dereita (patronal madrileña, operación Z na Coruña...), para levar adiante unha campaña pública de desprestixio do sistema formativo anterior e así impor un novo modelo desregulado e sen control sindical, vixente nestes dous últimos anos, cuxa finalidade non é outra que pór no mercado os recursos destinados á formación dos traballadores/as (preto de 3.000M€/ano), como se dun negocio se tratase, a fin de conseguir, paradoxalmente, que as organizacións que máis contribuíron a dinamitar o modelo anterior sexan agora as beneficiarias do novo.

Desde a CIG non pretendemos converternos en defensores do anterior modelo de formación para o emprego, xa que este nunca foi o noso modelo ideal. Formabamos parte del porque representaba a única opción que tiñamos de non quedar marxidados como central sindical, fronte á clase traballadora galega e ás outras centrais sindicais, e mesmo de que a nosa afiliación non se vise prexudicada tamén neste aspecto.

Pola contra, o noso sindicato sempre defendeu, e segue a defender, que toda a formación profesional, incluída a continua e a ocupacional, debe ser de titularidade pública, impartida pola Administración galega, con plenas competencias nesta materia e contando coa participación das organizacións sindicais no seu deseño e programación. Este modelo é a única garantía de que a formación dos traballadores/as e desempregados/as reúna toda ela unhas mínimas condicións de calidade, estea adaptada as necesidades reais do mercado laboral, poida acceder a ela toda a cidadanía en igualdade de condicións e haxa un control máis rigoroso dos recursos públicos.

A realidade é que hoxe estamos fronte a un modelo de formación para o emprego absolutamente caótico, neoliberal, cuns criterios para a xustificación e a imputación do gasto completamente arbitrarios, carentes do máis mínimo rigor e que fan practicamente inviábel poder impartir formación de calidade e transparente no gasto, sen que isto ocasione a quebra das entidades que a imparten. Todo o anterior se ve agravado coa fachenda, irresponsabilidade e incompetencia do PP, na Xunta de Galiza, que conduce os seus dirixentes, mesmo, a saltar as convocatorias anuais de formación, como sucedeu coa convocatoria 2015/16 de formación continua, co conseguinte prexuízo para os traballadores e traballadoras galegas, para as entidades que imparten formación e mesmo para os recursos da Xunta de Galiza, ao ter que retornar ao Estado preto de 9 millóns de euros transferidos e non utilizados, dato por certo que a administración autonómica oculta, seguindo a política de falla de transparencia que a caracteriza.

Cómpre denunciar tamén a política de discriminación contra da CIG, seguida polo PP na Xunta de Galiza, á hora de concedernos subvencións para a formación, baixo o principio da igualdade; o que motivou a presentación de numerosas demandas pola nosa parte (33 procesos abertos nos catro últimos anos), con diversas sentenzas do TSXG favorábeis a nós, nas que se condenou a Xunta a revisar as devanditas subvencións e mesmo a indemnizarnos, naqueles casos nos que xa non era posíbel a reversión da situación. A toda esta política discriminatoria temos que engadir o atraso permanente na liquidación de cursos xa impartidos e xustificados e mesmo o cambio de criterios na xustificación de certos gastos, no medio da execución dos cursos, para así xustificar a minoración das subvencións previamente concedidas. É, entre outras, a fórmula que o PP escolle para castigarnos por non sermos submisos ás súas políticas caciquís, antiobreiras e antigalegas.

A execución da nefasta política formativa descrita foi a que levou a ducias de entidades que impartían formación ao abandono e á quebra, entre elas as fundacións vinculadas ás centrais sindicais españolas, e aparelhou que a propia patronal do sector estea a se organizar para denunciar esta situación e esixir mudanzas á administración autonómica, e é tamén a razón pola que a FORGA, a fundación coa que a CIG colabora e partilla toda a formación que obtén, tivo que reducir a súa estrutura de persoal á mínima expresión, mudar a súa relación contractual e mesmo deixar de impartir formación nalgunha comarca do país.

Malia esta grave situación inducida pola voracidade do Partido Popular, fomos quen de seguir atendendo ás necesidades formativas de carácter profesional da nosa afiliación, e mesmo das traballadoras e traballadores non afiliados en situación de desemprego. Desenvolvemos actividades de formación e cualificación dos traballadores e traballadoras galegas para producir unha mellora das súas condicións laborais, ao tempo que fomentamos o estudo, a investigación e a execución de accións, programas e proxectos de novas tecnoloxías, en medio ambiente, sociolaborais, de economía social e saúde laboral que actuaron como factores de desenvolvemento económico e fonte de creación de novos postos de traballo, xerando progresos para a clase obreira galega.

Tivemos que facer unha gran readaptación e modulación destas actividades, tendo especial preocupación en canto manter o equilibrio económico dentro do contexto de extremo recorte dos fondos dedicados á formación e cualificación profesional.

En calquera caso é vontade da CIG seguir a impartir formación para o emprego, a pesar das dificultades e dos atrancos que nos está a impor a Xunta de Galiza e o PP, e do custo económico que supuxo nestes últimos anos para a nosa central sindical, a fin de aproveitar así a importante infraestrutura da que nos temos dotado, ao longo destes anos, e poñela ao servizo da formación da nosa afiliación.

A defensa do idioma

Neste período de catro anos a reivindicación dos nosos dereitos lingüísticos como galegofalantes estivo moi presente nas preocupacións da central sindical. Por unha banda, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza proseguiu coa súa política lingüística de marxinação do noso idioma, relegándoo a un papel secundario e pouco menos que folclorizante. Esta actitude vergoñante fixo que desde a plataforma Queremos Galego (da que a CIG fai parte desde o seu nacemento) se impulsasen diversas mobilizacións sociais, algunhas de carácter masivo (como a que tivo lugar en Compostela o 8 de febreiro de 2015 baixo o lema “Polas fillas dos nosos fillos”), co fin de denunciar o lamentábel papel que xoga a Xunta de Galiza no ámbito da normalización da lingua galega, demandando a fin da marxinação e secundarización do noso idioma e o impulso de medidas eficaces que sitúen o galego no lugar que lle corresponde como lingua propia e nacional de Galiza.

Por outra banda, o xiro recentralizador, en chave españolista, que o Partido Popular está a levar adiante á fronte do Goberno central, está a provocar unha maior marxinação das linguas das nacións do Estado que non son o español. Un claro exemplo disto témola na deostada Lei educativa do PP, a Lomce (tamén coñecida como Lei Wert), a través da cal se pretende a práctica exclusión do noso idioma e da nosa cultura nos currículos escolares, no que supón un ataque sen precedentes á nosa identidade nacional. Máis unha vez, desde a federación de Ensino, así como desde o conxunto da central sindical, tivemos que saír a responder na rúa esta auténtica cruzada españolista levada a cabo polo goberno do PP.

Así mesmo, neste período a nosa central sindical promoveu, a través das federacións e das seccións sindicais (en coordinación co Departamento de Normalización Lingüística da central sindical), diversas iniciativas para alargar os usos lingüísticos do noso idioma no mundo do traballo, e nomeadamente na negociación colectiva. Entre estas, por exemplo, unha campaña a prol da atención telefónica en galego, en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística. E en colaboración con esta mesma entidade social, a CIG participa e é asinante da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico en Galiza, presentada en febreiro de 2017. Unha ILP coa que se demanda que se garanta materialmente o exercicio do dereito á información e á atención en galego, nun ámbito tan básico como o socioeconómico.

Defensa das liberdades públicas

O carácter represivo e elitista do PP púxose tamén de manifesto á hora de afrontar a resposta do Goberno aos numerosos actos de contestación social que protagonizaron as clases traballadoras contra as políticas antisociais e antiobreiras do PP. Esta mentalidade autoritaria e represiva do PP, ademais de pórse de manifesto na dura resposta policial contra as manifestacións e concentracións de protesta que se sucederon polo Estado adiante, especialmente nas xornadas de convocatoria de folga xerais, evidenciouse no interese do PP por modificar a Lei de Seguridade Cidadá existente e aprobar unha nova lei, a coñecida popularmente como “Lei mordaza”, facendo desta un auténtico código de represión para uso arbitrario da policía e da administración do momento, coartando as liberdades públicas de expresión, manifestación e mesmo de información e deixando a xente e as propias organizacións sociais nunha situación de desamparo e indefensión fronte á manipulación interesada dos feitos e os abusos de poder das forzas da orde pública e da propia Administración. Manifestámonos contra esta Lei de seguridade cidadá para opornos á súa aprobación, fixémoslo despois para esixir a súa derrogación e seguímolo a reivindicar hoxe polo que supón de atentado ás liberdades públicas fundamentais e de complemento as políticas de recorte de dereitos seguidas contra a clase traballadora por parte da dereita española.

Cómpre salientar tamén aquí neste apartado referido á política represiva da burguesía contra a clase traballadora, a utilización que se está a facer por parte dos xulgados da utilización do artigo 315.3 do Código Penal para reprimir con dureza a intervención dos piquetes informativos nos casos da convocatoria de folga, sendo habitual nos últimos anos as duras condenadas a anos de cadea de varios compañeiros e compañeiras, o que motivou tamén numerosos actos de solidariedade con afectados/as e a esixencia da derogación deste artigo do Código Penal.

Os tratados de libre comercio

Outro dos aspectos que foi motivo de debate e mobilización nestes anos foi a loita contra os tratados de libre comercio e investimentos, que afectan aos estados da UE con outros estados do mundo, como é o caso do Acordo de Comercio de Servizos (TISA) que afecta a 23 países, o Acordo comercial e de investimentos entre a UE e EEUU (TTIP) e o Acordo de libre comercio entre a UE e Canadá (CETA). Puxemos moito interese en facerlle ver á clase traballadora galega a que intereses e cales poderían ser as consecuencias de asinárense estes tratados. Fronte á idea que destes tratados nos vendía o poder de que representaban unha oportunidade importante para mellorar en crecemento económico e creación de emprego, promovemos numerosos actos públicos, tanto de carácter informativo como de protesta, esixindo que a UE non asinase, pois a experiencia demostraba, conforme a tratados similares asinados noutras partes do mundo e polo pouco que se ía coñecendo do contido destes, que non só non eran garantía de creación de postos de traballo, senón que ían representar un retroceso importante en canto a dereitos laborais, protección ambiental, calidade da alimentación ou dos servizos públicos, só por citar os exemplos de maior transcendencia social.

Estamos diante de acordos e tratados comerciais e de investimentos, promovidos polo capital transnacional como parte fundamental da súa estratexia de globalización do modelo capitalista neoliberal, liberalizando e desregulando todo tipo de mercados; recortando dereitos e precarizando as condicións laborais; pondo a economía, a lexislación e os Estados ao seu servizo e polo tanto asumindo o poder global, por riba das persoas, das organizacións sociais e dos parlamentos.

A falta de información oficial sobre o contido destes tratados, o propio ocultamento que os grandes medios de comunicación de masas fan, tanto do contido como dos actos de protesta celebrados contra estes en varios Estados europeos, pon claramente de manifesto a importancia estratéxica que o capital financeiro dá a este tipo de tratados comerciais e ao tempo tamén pon de manifesto as negatividades do seu contido, desde o punto de vista dos dereitos, calidade de vida e intereses das clases populares.

Relacións internacionais

Durante este período, a CIG seguiu mantendo unha intensa actividade no que ten a ver coas relacións internacionais, consolidando aquelas nas que xa temos un espazo gañado e recoñecido e abrindo novas vías naqueles espazos nos que, até o de agora e por distintos factores, tivemos máis dificultades para entrar. Un destes espazos é, precisamente, o que ten a ver con esta Europa na que estamos e que, como consecuencia da deriva neoliberal e antisocial que están a levar as políticas e decisións das súas principais institucións, debe ter unha alternativa e resposta radical, conxunta e organizada por parte das organizacións dispostas a facelo, para loitar contra elas e recuperar os dereitos que lle están sendo furtados á clase traballadora.

Priorizamos as nosas relacións de forte colaboración e irmandade coas centrais sindicais nacionalistas de Euskal Herria, Catalunya e Canarias. A defensa, común a todos/as, do dereito de autodeterminación e a pertenza ao mesmo Estado que nos nega a soberanía e nos impón a súa lexislación sociolaboral, a elevada concordancia nas análises e as numerosas similitudes na acción sindical, son elementos obxectivos nos que baseamos as liñas de actuación. A nosa presenza nos seus encontros congreguais, e a delas nos nosos, corroboran a importancia que damos a este eixo de traballo. No período intercongresual temos asistido aos Congresos da catalá CSC e das vascas ELA e LAB, a máis de outros encontros bilaterais ou multilaterais. Nesta última etapa, esta colaboración estreita e de encontros estendeuse tamén á CGTP-IN de Portugal, coa que temos moitas coincidencias, non só polos lazos culturais, senón polo modelo sindical que defendemos.

A CIG, aínda non sendo afiliada de ningunha das dúas internacionais mundiais que existen neste intre (FSM e CSI), ten boas relacións con ambas e participa daqueles encontros aos que é convidada. Así, desde o último Congreso até hoxe, ten participado en actividades da Federación Sindical Mundial (FSM), da Confederación Europea de Sindicatos (CES) e da Confederación de Traballadoras e Traballadores das Américas (CSA), que está dentro da CSI.

No ámbito mundial, a CIG vén participando regularmente como membro de pleno dereito recoñecido polo propio Estado español nas Conferencias da Organización Internacional do Traballo (OIT) que cada ano se celebran en Xenebra, lugar de encontro do sindicalismo representativo dos cinco continentes.

De igual modo, a nosa central sindical participa, e continuará participando, en iniciativas europeas ou transcontinentais para impedir a aprobación ou, de ser o caso, aplicación dos “Acordos multinacionais de investimentos e libre comercio”, tales como o CETA ou TTIP. Neste senso, viñemos compaxinando as nosas campañas no país, coas que se teñen feito a nivel europeo, participando nos foros e plataformas que existen e tamén coa nosa presenza nalgunha das mobilizacións convocadas en Bruxelas. O mesmo que fixemos máis aló do noso continente, sobre todo dentro do marco do Foro Social Mundial.

Desde hai dous anos, a CIG vén participando nas reunións da “Trade Union Network Europa”, nas que, aínda que a presenza sexa a título persoal, a selección das persoas que integran a rede faise na súa calidade de membros de estruturas sindicais concretas.

E tamén tivemos protagonismo na maior actividade que desenvolveu ultimamente a plataforma “Alter Summit”, espazo no que conflúen organizacións sindicais e sociais de diferentes países europeos, comunitarios ou non, e que conta desde hai varios anos coa presenza activa da CIG. Foron moitas e intensas as reunións que se celebraron neste último ano e, ademais de abrir un amplo debate sobre a deriva das políticas europeas, e organizar xa dúas conferencias internacionais sobre os dereitos laborais e sociais, cun manifesto que recolle claramente a visión que temos desta Europa, e os obxectivos que formulamos para o seu futuro, sentáronse as bases para traballarmos conxuntamente en temas concretos, como as campañas contra o TTIP e o CETA, a defensa dos servizos públicos universais, a situación dos traballadores e traballadoras migrantes, as mudanzas no que atinxe ás relacións laborais ou a transición xusta e ecolóxica. E, ademais das campañas, desenvolveranse mobilizacións simultáneas en toda Europa, para facer partícipe á cidadanía destas demandas.

Tamén desenvolvemos en Europa algunhas actividades institucionais. A última, un encontro coa Comisaría de Emprego da UE, á que lle fixemos chegar un informe sobre a situación no noso país en materia de emprego.

En cumprimento das nosas resolucións congresuais de reforzar a nosa presenza e as relacións bilaterais con outros sindicatos europeos, o Consello Confederal, na súa reunión celebrada o día 7 de marzo de 2016, tomou a decisión de solicitar a afiliación a Confederación Europea de Sindicatos (CES), nestes momentos en proceso de tramitación.

No que atinxe ao mundo lusófono -outros dos nosos eixos de actuación internacional-, somos membros de pleno dereito da “Confederação Sindical dos Países de Língua Portuguesa” (CSPLP). Asistimos regularmente aos seus encontros e mantemos relacións bilaterais de amizade e colaboración con numerosas organizacións integrantes de Brasil, África e Portugal.

Mantemos relacións de amizade coas principais centrais sindicais de Latinoamérica, que, lonxe dos condicionantes que se dan en Europa, recoñecen plenamente a nosa central sindical. Participamos, na medida das nosas posibilidades, daquelas actividades ás que se nos convida, destacando nestes catro anos a nosa presenza en encontros de distinto tipo en Arxentina, Brasil, Colombia, Cuba, Paraguai, Uruguai e Venezuela. A esta lista sumamos ultimamente o Quebec, pois mantemos unha relación estreita tamén coa CSN.

En coherencia coa nosa defensa do dereito de autodeterminación dos pobos, apoiamos a loita dos pobos do Sáhara Occidental, Palestina e Kurdistán. Asistimos sempre que nos é posíbel ás “Conferencias Europeas de Solidariedade co Pobo Saharauí” (EUCOCO), ás “Conferencias Sindicais de Solidariedade co Sahara Occidental” e aos congresos da UGT SARIO. A respecto de Palestina, integramos unha delegación sindical internacional que recorreu Gaza da man do sindicalismo palestino e temos participado en actividades e seminarios de solidariedade con Palestina organizadas por centrais sindicais europeas. Tamén a CIG ten organizado seminarios dentro do Foro Social Mundial, en colaboración con outras organizacións sindicais, para que ambas as causas puidesen ser divulgadas. A nosa solidariedade e apoio continuarán até que estes pobos consigan o recoñecemento como estados independentes, libres e soberanos.

O traballo organizativo

Durante estes catro anos fixemos unha aposta importante pola mellora da nosa organización co fin de dar unha resposta á altura das adversas circunstancias coas que temos que levar adiante a nosa acción sindical nos centros de traballo.

A necesidade de mellorarmos o noso funcionamento e de actuarmos máis organizados/as para ser máis eficaces na nosa acción sindical, levounos a dar un debate nos diferentes organismos da central sindical sobre como axustar os nosos métodos de traballo, procurando unha uniformidade e cohesión en toda a central sindical, así como un traballo máis planificado no concreto do persoal liberado. Neste tarefa percorremos, durante os anos 2014 e 2015, todas as comarcas, mantendo reunións cos secretariados comarcais, con resultados desiguais, pois mentres houbo estruturas e liberados e liberadas que entenderon e asumiron a necesidade dese cambio na nosa forma de traballar, houbo outras que adoptaron unha actitude de desinterese e mesmo nalgún caso de oposición. Seguimos sendo conscientes de que a difícil situación do mercado laboral en Galiza vai esixir de nós moito compromiso e moita eficacia nas respostas a dar, por iso a revisión e mellora dos nosos métodos de traballo segue estando plenamente de actualidade, o que motiva que no Relatorio de Organización deste VII Congreso retomemos e incidamos na importancia de seguir a debater colectivamente sobre esta materia e facer os cambios precisos.

Cada día son máis evidentes as novas realidades ás que se enfronta a clase traballadora, debendo ter expresión organizativa e obrigándonos a facer reformulacións no noso **modelo federativo**, co fin de termos estruturas federativas e comarcais, da Confederación, mellores e máis eficaces na resposta sindical. Por iso, no ano 2016, abrimos un debate e perfilamos unhas conclusións sobre a nosa estrutura federativa futura, na que buscamos combinar varios aspectos, como son o equilibrio entre estruturas, o facilitar a incorporación de novos cadros das empresas aos organismos de dirección, a garantía de recursos económicos e humanos e a coherencia entre os sectores organizados en cada federación. Finalmente as disfuncións entre o modelo teórico máis acaído ao que chegamos e certas dificultades para a súa posta en práctica nestes momentos, aconsellou seguir a ter o mesmo como referencia pero agardar a polo en práctica na medida en que se vaian superando esas disfuncións.

Durante estes catro anos, e sobre a base do resolto no 6º Congreso Confederal, puxemos en marcha a organización do **Colectivo de Xubilad@s e Pensionistas**, a través da creación dunha Xestora Nacional, integrada por representantes designados en cada Unión Comarcal e Federación Nacional. Con este esquema nas comarcas, onde foi posíbel, reproducíuse as constituicións das Xestoras Comarcais. Convocáronse asembleas de afiliados/as para lle dar corpo a esta estrutura, ao mesmo tempo que se debatían, propoñían e decidían liñas de actuación.

Da intensidade do traballo dan proba as mobilizacións, as recollidas de sinaturas, as charlas, feitas sobre problemáticas específicas: repagamento medicamentos, reforma pensións 2013, problemáticas locais e comarcais, etc. Pero tamén, actividades lúdicas, festivas e culturais. Cómpre destacar a que actualmente estamos levando adiante en relación ao debate sobre o futuro das pensións.

A periodicidade das reunións e a participación nestas foi mellorando nos últimos tempos, a medida que se foi dando a coñecer entre a afiliación, e que as estruturas máis atrasadas foron poñéndose ao día no nomeamento dos/as representantes na Xestora Nacional.

A día de hoxe, a realidade de todo proceso está no bo camiño, mais cómpre darlle neste Congreso o pulo definitivo, como así temos a debate no relatorios deste Congreso.

Neste catro anos iniciamos o chamado **Plan de Axuda Alimentar**, co obxectivo de fomentarmos a solidariedade de clase, de forma que servise como axuda para as familias daqueles afiliados e afiliadas que estivesen sen ingresos ou con ingresos reducidos no seo das súas unidades familiares.

A realidade a día de hoxe é que o desenvolvemento deste Plan, nas distintas comarcas, é moi desigual, así como o seu funcionamento segundo as características de cada unión comarcal.

Sabiamos da dificultade de pór en andamento un Plan destas características no seo da central sindical, toda vez que non tiñamos experiencia en xestionar este tipo de programas. En todo caso, a experiencia acumulada destes anos debe chamarnos a revisar o seu funcionamento no futuro e a poñelo en valor como aposta clara e inequívoca de solidariedade entre a propia afiliación da central sindical.

As eleccións sindicais.- A pesar das dificultades que a maiores supón para un proxecto sindical como o noso un contexto sociolaboral marcado pola destrución de emprego, a caída dos salarios, o incremento da temporalidade e os contratos por horas, a inestabilidade no emprego, etc., coa capacidade que iso lle dá a patronal para presionar ás candidatas e candidatos e condicionar os resultados das eleccións- como así sucedeu en moitos centros de traballo coas candidaturas da CIG-, conseguimos mellorar significativamente os nosos resultados electorais até situármonos como segunda forza e a unhas centésimas de sermos a primeira.

A datos de 31.12.16, somos a segunda forza a nivel galego con 4.370 delegados/as e un 27,98% de representatividade, sendo a primeira forza a UGT con 4.387 delegados/as e un 28,09%. Nos últimos catro anos somos a única, das tres centrais máis representativas, que estamos a incrementar representatividade. Somos a primeira forza no número de delegados/as electos durante os anos 2015 e 2016. Así mesmo, somos a primeira forza nas comarcas da Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo, nas provincias da Coruña e Pontevedra e nas federacións de Administración pública, Ensino público, Saúde, Industria e Servizos. Ver ANEXOS 1 e 2.

Cómpre lembrarmos tamén que, dentro da nosa preocupación, como parte importante do noso modelo sindical, de debater, informar e formar os nosos delegados e delegadas sindicais, alén das numerosas asembleas comarcais que se fan de forma habitual, celebramos neste período de catro anos, **dúas Asembleas Nacionais de Delegados/as**, a primeira delas en abril 2014, para falarmos do trámite, contido e significado da ILP das 100 medidas para o crecemento económico e a creación de emprego en Galiza, e a segunda en setembro 2016, para falarmos das consecuencias das contrarreformas laborais e especialmente a da negociación colectiva e á que lle demos continuidade cunha manifestación polo centro de Santiago de Compostela. Cómpre dicir que ambas as asembleas foron un éxito de participación, por riba dos/as 1.000 asistentes, o que demostra a calidade e compromiso co proxecto CIG das nosas delegadas e delegados sindicais.

Seguindo co aspecto da **formación laboral, sindical e ideolóxica**, estes últimos anos deuse continuidade á formación interna iniciada e ofertada prioritariamente a delegadas/os. Esta formación, desenvolvida a través da Fundación Moncho Reboiras, ten a función de lles achegar uns coñecementos básicos da normativa laboral en aspectos como nóminas, contratación, despedimentos, negociación colectiva, etc., de cara a facilitarlles o desenvolvemento da súa tarefa sindical no marco das empresas. Neste formato, nestes catro últimos anos, participaron nestes cursos varios centos de delegadas e delegados nas distintas comarcas e de todos os sectores.

Tamén se desenvolveron varias xornadas de formación ideolóxica para cadros e liberadas/os, onde se realizou un fondo debate sobre os métodos de traballo a desenvolver na nosa central sindical e onde se tiraron conclusións do debate colectivo, incluídas neste relatorio.

É importante pois dotármonos de medios suficientes e permanentes para seguirmos a desenvolver un importante labor de formación político-sindical nos vindeiros anos. Non abonda só con coñecementos técnicos para desenvolver o traballo sindical nas empresas. Debemos apostar tamén por unha formación política que contribúa ao combate no plano ideolóxico e á formación así dunha base sindical comprometida, con conciencia nacional e de clase e coherente coa práctica sindical que defendemos e, para isto, precisamos ter unha formación continua e adaptada aos grandes cambios que se están a dar na sociedade e no mundo do traballo.

Conclusións

- 1ª.- Desde a CIG consideramos de vital importancia, para situármonos como clase traballadora nunha posición de fortaleza que nos permita ser máis eficaces na nosa loita por recuperar e mellorar en dereitos e condicións de vida e de traballo, conseguir a inmediata derogación das contrarreformas laborais iniciadas no 2010 até a actualidade, en concreto a derogación da Lei 35/2010, RDL 20/2012, LEI 3/2012, así como a derogación da última Lei de Seguridade Cidadá polo que supuxo de recorte e limitación no exercicio de liberdades públicas esenciais.
- 2ª.- Manifestamos a nosa vontade de seguir a mobilizarnos, tanto na loita concreta do día a día nos centros de traballo, como nas respostas máis xerais e políticas, contra estas contrarreformas e pola recuperación de aqueles dereitos laborais e sociais que nos foron roubados. Consideramos que existen razóns políticas e socioeconómicas obxectivas que xustificarían unha convocatoria dunha nova folga xeral a nivel do Estado, máxime se temos en conta que a estas alturas da lexislatura, a pesar do PP ter perdido a maioría absoluta nas Cortes Españolas, os partidos da oposición e da teórica esquerda española, aínda non promoveron ningún proxecto de lei que vaia no camiño de tirar abaixo a regresiva lexislación laboral e social imposta polo PP, na pasadas lexislaturas.
- 3ª.- As políticas de austeridade, de desregulación e flexibilización das condicións de traballo; de desestruturación e atomización da negociación colectiva; de individualización das relacións laborais e precarización do mercado laboral, obedece a unha estratexia clara do capital para debilitar a clase traballadora, recuperar poder e incrementar a súa marxe de beneficios. Fronte a isto, cómpre que manteñamos a ofensiva e fortalezcamos o sindicato, incrementando a afiliación e o número de delegadas e delegados sindicais, mellorando a nosa presenza nos centros de traballo e os nosos métodos de traballo e que sigamos a ser firmes na defensa do modelo sindical de contrapoder, participativo, combativo, antipacto social e de mobilización social. O ter un sindicato forte e activo, reivindicativa e socialmente, fainos fortes como clase.
- 4ª.- Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional de Galiza porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente para o noso desenvolvemento social e económico e para defensa dos nosos intereses como nación. Necesidade de soberanía que se fai máis irrenunciábel, na medida en que se avanza na imposición dun modelo de sociedade no que o poder económico e político cada vez está máis concentrado e centralizado en entidades e institucións políticas e financeiras que funciona totalmente á marxe do control dos pobos.
- 5ª.- Esiximos da Xunta de Galiza que, diante da desfeita da base material e inmaterial do noso país, rache coa súa política de pasividade, nuns casos, e de complicidade noutros, con toda esta situación, e non siga polo tanto contribuíndo a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro.
- 6ª.- O afondamento na globalización do modelo de capitalismo neoliberal, a concentración e centralización da riqueza e do poder económico e político, a privatización dos servizos e empresas públicas, unha política fiscal regresiva e a favor das rendas máis altas e das grandes empresas, xunto coa sobreexplotación da clase traballadora vía redución salarios e precarizando o mercado laboral, son diferentes mecanismos que está a utilizar o capital na busca de saídas á crise sistémica na que está metido. Fronte a isto, á clase traballadora só nos queda un camiño, tomar conciencia de que se queremos ter garantidos, e en condicións dignas, dereitos básicos como o traballo, o salario, a saúde, as pensións, o ensino, a vivenda, a enerxía e outros, temos que

superar o actual modelo capitalista e construír un modelo de organización social e económica ao servizo das clases traballadoras, e para iso temos que organizarnos e mudar a correlación de forzas ao noso favor, en todos os ámbitos.


7ª.- Precisamos recuperar o protagonismo e a fortaleza da negociación colectiva por ser unha ferramenta fundamental para a defensa dos nosos intereses como clase. Para iso precisamos derrogar as últimas contrarreformas laborais nesta materia e recuperar a participación e o protagonismo da clase traballadora na negociación dos seus convenios colectivos. Polo tanto, calquera ámbito de negociación ou dinámica sindical que dificulte ou afaste as traballadoras e traballadores da información, a toma de decisións e o control sobre o que se reivindique, se negocie ou se pacte no seu convenio, non pode ser aceptado. En coherencia con isto, consideramos contrario aos intereses da clase traballadora galega, calquera proceso de estatalización dos convenios hoxe existentes en Galiza e reafirmámonos na necesidade de que toda a negociación colectiva debe desenvolverse no ámbito galego e de que esta debe ser de aplicación preferente sobre os convenios estatais. Mantemos viva a reivindicación estratéxica da CIG de facer realidade un Marco Galego de Relacións Laborais e Sociais, con plenas competencias lexislativas e regulación de todo o relacionado cos dereitos laborais e sociais.

8ª.- Por último, o feito de que, nas actuais circunstancias sociolaborais e económicas, sexamos a primeira forza sindical de Galiza en número de afiliadas e afiliados, en capacidade de mobilización social, en recursos materiais e humanos, e con moitas posibilidades de ser tamén, antes de que finalice este ano, a primeira forza en representatividade nos centros de traballo, é demostrativo do acertado do noso modelo sindical e da avaliación positiva que amplos sectores da clase traballadora galega teñen da nosa central sindical, o cal ten que enchernos de satisfacción e ao mesmo tempo ten que servirnos para nós animar a seguir traballando, mellorar a nosa acción sindical e agrandar e fortalecer, organizativa e ideoloxicamente, o proxecto sindical e sociopolítico que a CIG representa.


Compostela, a 27 de maio de 2017

REPRESENTATIVIDADE SINDICAL POR ANOS NO PERÍODO 2013-2016


2013		
CIG	319	23,90%
UGT	421	31,54%
CCOO	421	31,54%
OUTROS	174	13,03%




2014		
CIG	646	26,41%
UGT	714	29,19%
CCOO	598	24,45%
OUTROS	488	19,95%



2015		
CIG	2.713	28,49%
UGT	2.637	27,69%
CCOO	2.364	24,82%
OUTROS	1.809	19,00%




2016		
CIG	685	29,97%
UGT	608	26,60%
CCOO	609	26,64%
OUTROS	384	16,80%





REPRESENTATIVIDADE SINDICAL PERÍODO 2013-2016

Nacional		
CIG	4.363	27,99%
UGT	4.380	28,09%
CCOO	3.992	25,61%
OUTROS	2.855	18,31%





Provincia Pontevedra		
CIG	1.754	31,78%
UGT	1.414	25,62%
CCOO	1.462	26,49%
OUTROS	890	16,12%

Provincia A Coruña		
CIG	1.856	28,36%
UGT	1.835	28,04%
CCOO	1.710	26,13%
OUTROS	1.144	17,48%



Provincia Ourense		
CIG	394	22,27%
UGT	564	31,88%
CCOO	378	21,37%
OUTROS	433	24,48%

Provincia Lugo		
CIG	359	20,44%
UGT	567	32,29%
CCOO	442	25,17%
OUTROS	388	22,10%




INFORME ECONÓMICO CAIXA CONFEDERAL

Comparativa evolución Ingresos e Gastos Caixa Confederal

	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
TOTAL INGRESOS	3.161.656,64	2.001.219,45	4.338.280,12	3.266.037,25
TOTAL GASTOS	4.468.414,69	2.108.314,17	4.062.302,48	3.614.933,88

EVOLUCIÓN INGRESOS-GASTOS CAIXA CONFEDERAL




* Cobro de deudas de ejercicios anteriores, fundamentalmente debido o retraso no cobro das subvencións.

Evolución principais fontes de ingresos caixa confederal


	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
INGRESOS POR COTAS	640.891,76	640.285,59	633.454,43	643.877,73
SUBVENCIÓN OFICIAIS	557.980,33	539.859,03	524.638,51	414.317,83
INGRESOS PART. INSTITUCIONAL	238.901,97	229.846,81	44.046,53	226.577,00
CONVENIOS	297.524,47	142.371,15	195.276,98	154.704,74
PRESTAMOS ESTRUCTURAS	0,00	0,00	450.000,00	500.000,00
FONDO NACIONAL	0,00	0,00	0,00	507.325,74
PÓLIZA	0,00	0,00	1.500.000,00	0,00
DEBEDORES *	933.902,87	184.387,84	740.843,43	696.648,14

EVOLUCIÓN PRINCIPALES FONTES INGRESOS CAIXA CONFEDERAL




PRINCIPAIS PARTIDAS DE GASTOS CAIXA CONFEDERAL				
	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
ALUGUEIRO LOCAIS	41.528,85	41.588,86	33.665,19	32.213,29
PROFESIONAIS	29.970,58	24.444,18	27.222,54	25.372,48
SAÚDE LABORAL	325.518,62	260.656,74	231.561,31	240.518,34
SEGUROS	30.347,76	26.009,19	30.754,61	26.321,30
PUBLICIDADE	18.236,10	13.940,90	6.861,99	13.921,80
SUMINISTROS	156.778,10	127.356,80	141.767,04	155.876,74
CUSTES DE PERSOAL	1.518.785,96	924.219,37	975.901,39	928.825,75
GASTOS PART. INST., ORG. CONFEDERAIS E TÉCNICOS	122.830,13	115.017,50	104.442,96	85.829,07
TRIBUTOS	84.603,99	77.128,14	51.947,83	39.806,97
DÉBEDAS A L/P CON ENTIDADES DE CRETO	359.046,54	311.676,90	517.013,79	1.999.542,35
PRESTAMOS A ESTRUTURAS	1.510.000,00	0,00	750.000,00	0,00
CONVENIOS	8.854,61	65.536,56	1.146.798,00	0,00

Comparativa evolución Ingresos e Gastos Total CIG				
	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
TOTAL INGRESOS	12.045.738,68	11.321.113,36	13.170.481,80	10.666.157,75
TOTAL GASTOS	10.699.252,27	11.361.900,34	12.049.313,51	11.154.747,93




PRINCIPAIS PARTIDAS INGRESOS TOTAL CIG				
	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
INGRESOS COTAS	7.441.925,96	7.176.910,45	7.117.452,05	7.234.546,66
INGRESOS COTAS COMPLEMENTARIAS	1.300.788,07	1.387.876,68	2.056.333,83	1.310.405,68
SUBVENCIONS OFICIAIS	693.813,51	639.005,93	628.645,11	520.019,74
INGRESOS POR PART. INSTITUCIONAL	238.901,97	229.846,81	44.046,53	226.577,00
CONVENIOS	735.986,80	333.204,80	386.193,66	203.405,69
PRÉSTAMOS E PÓLIZAS			1.500.000,00	




Distribución gastos total CIG				
	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
CUSTOS DE PERSOAL	6.846.237,27	6.665.475,86	6.631.984,45	6.233.407,96
GASTOS PARTICIPACIÓN E ACCIÓN SINDICAL	643.721,26	631.241,06	595.532,61	518.601,49
SUBMINISTRACIONS, PROFESIONAIS INDEPENDENTES E COMUNICACIÓN	1.273.016,12	1.179.988,03	958.384,55	910.560,26
INVESTIMENTOS E LOCAIS	483.098,55	462.816,18	654.222,52	505.282,45
CONVENIOS	388.169,03	334.129,58	291.118,03	300.509,90
FORMACIÓN	281.661,85	1.540.149,75	964.589,79	212.743,59
GASTOS EJERCICIOS ANTERIORES	0,00	57.574,90	1.146.798,00	1.500.000,00
RESTO GASTOS	783.348,19	490.524,98	806.683,55	973.642,28

EVOLUCIÓN DATOS AFILIACIÓN CIG NOS ULTIMOS 4 ANOS

Evolución afiliación				
	Ano 2013	ano 2014	ano 2015	ano 2016
Nº AFILIADOS/AS	67.378	64.874	64.268	64.641




Evolución dos gastos e da afiliación				
	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
Nº AFILIADOS/AS	67.378	64.874	64.268	64.641
TOTAL GASTOS	10.699.252,27	11.361.900,34	12.049.313,51	11.154.747,93
Incremento % afiliados/as		-3,72	-0,93	0,58
Incremento % gastos		6,19	6,05	-7,42





CAIXA DE RESISTENCIA

Evolución da caixa de resistencia

	Ano 2013	2014	2015	2016
Número de traballadores/as beneficiarios/as:	48	176	146	17
Total aboado (en euros):	10.257,03	43.822,08	52.135,91	5.789,49



COMUNICACIÓN





Confederación Intersindical Galega